

Xesús Valverde

A edición desta monografía do IEM contou co patrocinio do Concello de Nigrán.

© Da presente edición: Instituto de Estudos Miñoranos

© Do texto: Autoras e Autores asinantes

© Das imaxes: Herdeiros de Xesús Valverde

Editor: **Antón Mascato**

Fotografía: **J. Daniel, Familia Valverde**

Asesoramento Lingüístico: **Miguel Anxo Mouriño**

Deseño da colección: **Manoel Santos**

Maqueta: **Daniel Sotelo**

Execución gráfica: **Obradoiro de Nova Galicia Edicións**

<http://www.novagalicia.com/>

anton@novagalicia.com

Dep. Legal: VG 416-2011

ISBN: 978-84-15164-42-5

INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS

Director: **Carlos Méixome Quinteiro**

Aula de Cultura "Ponte de Rosas"

Apartado 30 - 36380- Gondomar

986 360 575

<http://www.minhor.org/>

e-mail: direccion@minhor.org

EFRÉN JUANES (ALCALDE DE NIGRÁN)


O noso concello foi sempre terra de acollida de xentes múltiples e diversas. Xentes do mundo do traballo, da empresa, de aquí e de acolá... mais tamén das artes e das letras. Algunhas destas últimas deixaron forte pegada entre nós como no caso de Gonzalo Torrente Ballester, Carlos Casares ou don Paco del Riego. Outros non só deixaron pegada senón que ficaram para sempre impregnados da nosa paisaxe e da nosa particularidade miñorá como é o caso de Xesús Valverde que un día deixou escrito "Yo soy el río? me hizo al lado de mis padres". Ese río, o Miñor, que impresionou os adolescentes ollos de Xesús cando A Ramallosa se converteu no seu Macondo particular inzado de robalizas, sollas, xilgaros, lagartas, festas...

A Cabreira, A Romana, A Ramallosa, todo San Pedro a onde regresará unha e outra vez e argallará o seu niño entre socalcos e as vellas paredes da casa paterna, ollando sempre para o río, para a foz e a ponte d'A Ramallosa, coa igrexa de Santa Cristina de Sabarís e o castro da Pedra Moura como fondo e, nun primeiro plano, a pereira e o limoeiro do seu eido.

Para moitos veciños e veciñas de Nigrán, Xesús Valverde pode ser un descoñecido xa que a súa vida estudantil e logo profesional afastouno de nós. Mais Xesús sempre permaneceu n'A Ramallosa como puidemos comprobar na exposición que se presentou na sede do Instituto de Estudos Miñoranos, posible grazas ao xeneroso labor desta institución cultural, da súa filla Alba, do seu irmán Antonio e do seu sobriño Pepe.

Neste número monográfico da revista de Estudos Miñoranos a el dedicada poderemos profundar no coñecemento da súa obra escultórica e pictórica amplamente recoñecida no mundo das artes en forma de premios e múltiples exposicións (Madrid, Nova York, Barcelona, Zaragoza, A Haia, Vigo...); a súa obra escultórica de gran formato está instalada en cidades como Madrid, Vigo ou Valencia ou en diversos museos.

Só resta lamentar que, polo de agora, os veciños e veciñas de Nigrán non poidan gozar dunha obra pública de quen quedou prendido pola beleza da súa paisaxe para devolvémola matizada e renovada pola súa enerxía creativa.



CARLOS MÉIXOME QUINTEIRO (DIRECTOR DO IEM)

Ata non hai moito tempo Xesús Valverde era para min un absoluto descoñecido. A súa obra tamén. Coido que infortunadamente para unha maioría das persoas que residen no Val as dúas cousas, obra e artista, seguen a selo. Máis estamos seguros de que esta nova monografía da Revista de Estudos Miñoranos poderá amolecer a indiferenza, mitigar a ignorancia e deitar luz sobre a obra plástica de Xesús Valverde.

O meu primeiro encontro con Xesús Valverde foi involuntario e un pouco tétrico. Hai anos, non debía haber moito que falecerá, andaba eu, no cemiterio, esa importantísima fonte historiográfica, de San Pedro da Ramallosa, na procura da tumba de don Xosé Arias Teixeira. Foi cando, a poucos metros da granítica e sobria cova do señor da casa de Pías, decateime dunha non menos esgrevia e pétrea tumba, en contraste cos grandilocuentes nichos que os rodean, que simplemente tiña por riba unha placa de cerámica cuns reberetes azuis e ocre e o seu nome gravado.

Tempo despois, posto en marcha o Instituto de Estudos Miñoranos como aglutinador de xentes diversas e plurais preocupadas polas distintas manifestacións culturais, fun sabendo de Xesús e a súa obra. Primeiro polo seu colega artístico e admirador Fernando Casás, logo polo seu irmán Antonio, ou quizais deberamos dicir Juan nese común costume miñorán de andar transmutando nomes, despois polo seu sobriño Pepe e a súa outra irmán Tita. Todos foron xirando ao redor dese lar común da cultura no que se foi convertendo o IEM e aos poucos Xesús foi ocupando máis e máis tempo nas conversas infelizmente sempre apuradas. Delas naceu a idea de xuntar esforzos para recuperar a súa obra.

Mais non me decatei da súa potencia artística ata que visitei, na compañía da súa filla Alba e do seu sobriño Pepe, a súa casa nos socalcos que, do lado da Romana e da Cabreira, en San Pedro, beirean a foz de quén nos nomea. Alí ademais das esculturas que iluminaban os diversos recantos da casa e do eido, foron saíndo dos moitos caixóns dunha vella cómoda ducias de debuxos que tiñan unha común identidade miñorá: a pereira da casa, os limóns da solaina, as liñas femininas da Groba, a foz, o curuto castrexo da Pedra Moura, as reviravoltas do río, a ponte medieval...

A colaboración de Alba e da súa familia foi imprescindible tanto para argallar a exposición que acolleu a sede do IEM na Aula de Cultura “Ponte de Rosas” de Gondomar como para preparar esta monografía.

A acción cultural dunha asociación sen ánimo de lucro máis tamén sen recursos só é posible polo compromiso xeneroso de moitas persoas que achegan desinteresadamente o seu tempo e traballo. Neste labor cumpre salientar, ademais das persoas citadas. Ao fotógrafo baionés J. Daniel que retratou a inmensa maioría das imaxes que se recollen nesta revista; ao Miguel Mouriño, que coma sempre andou espelido na procura de erros e grallas, e a Fino Lorenzo e aos irmáns Soliño, Antonio e Alfonso, que coidan da programación da Sala de Exposicións da Aula de Cultura Ponte de Rosas. Sen esquecermos da paciencia de Antón Mascato que sempre procura que as nosas edicións estean en tempo e forma.

O noso agradecemento aos e ás autoras que acudiron pronta e xenerosamente ás chamadas de Alba Valverde ou ás nosas.

Mais a imprescindible xenerosidade das persoas citadas non resolve as necesidades crematísticas que asumiu a Concellería de Cultura de Nigrán e a súa Alcaldía que fixeron posible que esta monografía dedicada a Xesús Valverde estea nas vosas mans.

Beizón.

O Val Miñor na obra de Xesús Valverde

ALBA VALVERDE

As visións interiores, que exceden o intelecto e os conceptos, non poden estaren dissociadas da experiencia sensible. Fai falta recorrer á arte para abordar os lugares que a razón non pode acadar.

Gao Xingjian.

Se é difícil para min escribir coa necesaria distancia e obxectividade sobre Xesús Valverde, máis difícil é facelo sobre a súa relación co Val Miñor, pois esta contorna non só conformou en boa medida as miñas paisaxes afectivas, senón que é, ademais, indisoluble da presenza e as imaxes do meu pai.

A relación de Xesús Valverde (Vigo, 1925 - Madrid, 1993) co Val comeza sobre todo a partir de 1940, cando a súa familia, residente en Vigo, cambia Canido pola casa familiar dos Valverde na Ramallosa como lugar de vacacións. Unha casa grande fronte ao río Miñor situada na Xunqueira, na estrada que vai de Ramallosa a Gondomar, pola que nese tempo circulaba o tranvía. Neste lugar desenvolverá as raíces que se estenderán á familia, á xente do Val e á natureza do lugar, especialmente ao río

Co tempo Ramallosa será o seu lugar de referencia e frecuente destino; non obstante, establecido en Madrid, só expresará esta importante conexión co Val Miñor na súa obra artística máis serodia.

As razóns para establecerse en Madrid descríbeas el mesmo nunha entrevista

*En Madrid sempre hai maiores posibilidades: existen máis galerías e un campo máis aberto [...] En Madrid atopo máis posibilidades para realizarme.*¹

Ás oportunidades que para a súa formación artística e desenvolvemento profesional lle ofrece Madrid sumaríase a

*En el recuerdo mi casa, grande,
llena de puertas abiertas, e
la convivencia debajo de
la viña fresca y encima del
río el comedor lleno de
luz con ventanas al paisaje
yo soy el río → me hizo
al lado de mis padres*


En el recuerdo mi casa, grande, llena de puertas abiertas a la convivencia debajo de la viña fresca y encima del río el comedor lleno de luz con ventanas al paisaje. Yo soy el río → me hizo al lado de mis padres

(Escrito de Xesús Valverde, sen data, aproximadamente a finais dos 80)

posible necesidade de afastarse do Val Miñor, e illarse así da dimensión emocional e vital dese territorio, para potenciar a súa concentración creativa. O feito de que non sexa ata finais dos anos 80 cando aborde as referencias do Val na súa escultura e obra gráfica explicárase dende a necesidade de tempo para poder interpretar esta paisaxe e facelo como expresión da paisaxe interior.



Vista do río Miñor.



Casa de Tita Valverde na Ramallosa con escultura de Valverde en primeiro plano.



Pereira da casa da Ramallosa co río Miñor e a illa.

Pero, aínda que ausente na temática da súa obra artística ata entón, A Ramallosa e o Val Miñor foron o lugar de identificación persoal.

As primeiras intervencións de Xesús Valverde no Val Miñor realízanse a través do ámbito da arquitectura e están unidas aos vínculos familiares. A finais dos anos 60 adquire e reforma a casa da Ramallosa que pertencera aos seus bisavós. A este proxecto seguiríanlle, nos anos 80, a reforma da casa dos seus pais, daquela propiedade da súa irmá Concha; nos anos 90, a construción dunha casa para a súa irmá Tita a partir da reforma e unión de dúas edificacións existentes, que non chegou a ver rematada; e un proxecto de casa no Val para a súa irmá Isabel, que quedou sen construír.

Estes proxectos arquitectónicos incorporan, máis alá dos aspectos construtivos, unha forma de habitar o espazo e de relación das persoas co territorio. En todos eles destaca a preservación do patrimonio arquitectónico local, tanto no emprego dos materiais coma na incorporación de proporcións espaciais tradicionais. Construindo dende o diálogo co medio, Xesús Valverde, como escultor, comprende a intervención arquitectónica dende o coñecemento e o sentimento; a consideración das formas e materiais que a compoñen, dende a percepción e vida con eles. Con profesionais dos oficios de carpinteiro, ferreiro e canteiro (como Rodrigo Alar, Giño, quen tamén colaboraría nalgunha das súas esculturas en pedra de gran formato), os materiais móstranse sen artificios e formando parte de elementos construtivos funcionais non decorativos. A madeira de castaño ou carballo e a pedra de granito da zona transmítenlle, nas proporcións dos seus volumes e o acabado das súas superficies, calidez e beleza aos espazos así construídos.

Con cada proxecto Xesús Valverde preserva a memoria arquitectónica colectiva e os coñecementos e referencias culturais tradicionais, fortalecendo a identidade rural degradada e dotando as construcións dun sentido de pertenza e respecto pola contorna.


A súa casa da Ramallosa está emprazada nun terreo socalcado sobre o dos seus pais. Aínda que con entrada dende o camiño da Xunqueira, manteivo durante moito tempo a



Xesús Valverde e Rodrigo Alar "Giño" e outros axudantes rematando a peza que se instalaría no IES Os Rosais-Vigo.

unión co terreo da súa irmá Concha e Xosé Fiaño, descendendo a través dun camiño en zigzag polos socalcos que sortean a pendente do terreo.


Conservará, na reforma, a robustez dos seus anchos muros de pedra, deixando no interior un amplo espazo diáfano como salón comunicado cunha solaina teitada fronte ao río. Dende a solaina, a vista panorámica do Val esténdese dende o monte do Galiñeiro ata o monte Castro de Moura, coa illa do río Miñor en primeiro plano. A entrada principal da casa pola solaina está flanqueada por un limoeiro. Un deses que dan limóns de grosa e aromática casca, e en cuxo tronco unha pequena póla servía de gancho para agachar a antiga chave de ferro. O desnivel do camiño en curva que bordea a casa permite ventás a unha planta baixa construída directamente sobre a rocha do terreo.




Casa da Ramallosa.




Instalación. Madeira e pedras. Medidas variables, 1992.




Sen título, 1991. Madeira, pedra, pigmento.



Sen título, 1991. Madeira, ferro, patacas, pigmentos, cristal.



Val Miñor I, 1990-1992. Carbón e gouache. 28.5x38 cm.



Sen título, 1991). Tinta, carbón (b/n). 25.5 x 35 cm.


Unha edificación anexa á casa destínaa para estudio, onde Xesús Valverde traballa os meses do verán e as breves tempadas de inverno ou primavera que pasa na Ramallosa. Viaxes que, realizados nas distintas épocas do ano, permítenlle convivir coas diferentes manifestacións da paisaxe, acentuando as xa de por si variables condicións atmosféricas da contorna. A visión do Val transfórmase dende os días de sol e visibilidade nítida aos días de chuvía e tormenta, ou nos que entra a néboa, cando apenas ou nada se percibe das montañas do horizonte. Visión que tamén cambia coas enchentes ou baixadas da marea que, nun mesmo día, tornan o río nunha marisma vadeable.

Xunto con estas imaxes visuais, outras percepcións olfactivas e acústicas forman parte das referencias persoais do lugar. Hai un olor característico que se vincula coa casa: do mar, próximo, e do río, que ao seu paso pola Ramallosa é aínda de auga


salgada, da vexetación (froiteiros, piñeiros e eucaliptos,ε), mesmo da humidade da casa pechada, que impregna ata a roupa. Entre os sons que forman parte dese imaxinario está o canto dos galos e galiñas de Olivia e Custodio, no terreo veciño á casa; os ladridos nocturnos dos cans, que delimitan, nun tecido invisible, a rede habitada do Val; e as presenzas dos veciños, ben sexa polas voces ou polos pasos no camiño.

As estancias en Ramallosa permiten tamén as reunións coa familia e os amigos, así como os encontros e conversas con veciños polos que Xesús Valverde sentía un afecto moi especial, como os enxeñosos relatos de Xermán ou as sabias reflexións de Custodio.

En relación co seu traballo, á parte das intervencións arquitectónicas mencionadas, e descontando algúns óleos da súa época de formación, tiveron que pasar



Val Miñor II, 1990-1992. Carbón e tinta chinesa. 25,5x 35 cm.



Ponte románica I, 1990-1992. Gouache, carbón e sepia. 28.5 x 38 cm.




Sen título, 1985-1990. Pastel e gouache. 35 x 50.5 cm.

moitos anos para que Xesús Valverde abordase na súa obra artística referencias explícitas ao Val Miñor. Co tempo, o coñecemento e a madurez como artista permítenlle desenvolver un novo nivel de consciencia dende o que abordar esta temática nas súas obras mediante unha transformación simbólica da paisaxe. Transformación que provén, en boa medida, do sentimento de pertenza a un lugar, que non é só un ámbito físico ou de desenvolvemento vital, senón tamén un ámbito espiritual e cultural.

A arte universal non existe senón cando comunicas demais e iso faise mellor cando es dun lugar.²

As esculturas de finais dos anos 80 enmárcanse así mesmo dentro do cambio que supuxo, na obra de Xesús Valverde, a incorporación e a transformación de materiais atopados. Un cambio que lle permite traballar ideas e buscar formas cun tempo máis flexible que o requirido para a transformación da materia nas obras en bronce ou pedra.

Estas obras -tanto as instalacións escultóricas coma os debuxos- pasan a ter unha finalidade non representativa, se-




Paisaxe figura 2. Ceras e carbón. 64 x 45 cm.


nón interpretativa. Interpretación da natureza do Val dende unha dobre aproximación, como lugar xeográfico e como lugar mental. Lugar xeográfico que condiciona e é condicionado pola identidade persoal. Lugar mental que, a través do coñecemento, intenta transcender esa identidade persoal nunha procura cara a unha comunicación máis universal. Non hai na súa obra unha demarcación conflictiva en ambas as dúas aproximacións. Danse simultaneamente, alimentándose e complementándose mutuamente.



Sen título, 1992. Carbón. 31 x 45 cm.



Sen título, 1992. Carbón. 42 x 68 cm.



Limóns I, 1992. Carbón e gouache. 23 x 31,5 cm.

As esculturas que teñen unha relación directa co Val son, maioritariamente, instalacións e, aínda que de carácter máis abstracto cás súas esculturas figurativas (mulle- res, maternidades, torsos...), teñen, non obstante, un sentido figurativo poético na súa materialización. Non só entra en diálogo a composición espacial coa xeometría ou topoloxía representada, senón que os materiais empregados -vigas de madeira, ferro, pedras, tellas, cristal, pigmentos brancos e azuis- conforman a interpretación da paisaxe dende unha visión interior, sendo o río un dos temas máis tratados.


Na súa execución, Xesús Valverde estende o seu espazo creativo ao xardín, a diferenza dos seus anteriores traballos realizados no estudo, do que só saía cando o requirían as dimensións da escultura. Franquear as limitacións físicas do estudio permítelle presentar as obras en diálogo coa contorna, onde, dende a necesaria independencia, a súa forza expresiva poida confrontarse coa propia natureza que a inspira. Nestas instalacións, mediante elementos que simbolizan unha parte fragmentada desa realidade xeográfica, expresa a súa visión sobre o territorio, traspasando a aparencia física do lugar para chegar á súa natureza espiritual. Diálogo en busca de comunicación ou comunión cun

plano máis profundo, a través dunha linguaxe que posúe unha dimensión conceptual máis poética que representativa ou descritiva.

Da maioría destas instalacións e esculturas, lamentablemente, só quedan documentos fotográficos, como as recollidas no catálogo da exposición na Casa das Artes de Vigo en maio de 1992.

Nestes anos, Xesús Valverde reflicte tamén na obra gráfica a súa relación co Val Miñor. Debuxos como creación artística de carácter máis íntimo, con entidade e linguaxe propias, pois non son apuntamentos nin bosqueños para as súas esculturas ou instalacións. Os materiais que utiliza son carbón, tinta chinesa, gouache, e o pastel ou ceras nas obras con cor. O horizonte do val co río, a ponte románica, limóns, mazás e a pereira do terreo son os elementos que máis aparecen nestas obras.

Pero non se trata unicamente da representación da paisaxe, hai que ver nestes sinxelos elementos, ou a través deles, a manifestación dunha mirada moi persoal dese contorno, dunha investigación e procura, dun achegamento ao interior da propia natureza.



Limóns II, 1992. Carbón. 18 x 27,5 cm.

*A obra de arte non só é o que ves. É un medio de expresión a través do coñecemento e da sensibilidade. Non é o suxeito en sí. A comunicación co obxecto de arte está na cousa, pero non é a cousa.*³

Proporcionálles emoción ás formas máis simples. Mesmo nos traballos que conteñen unha análise de descomposición das xeometrías e os planos, esta vai unida á sensualidade que transmiten as súas liñas no debuxo, liñas que poden ser as do limón, a árbore, o horizonte da paisaxe...

En lugar de utilizar a abstracción completamente desposuída de referencias figurativas, sérvese destas para expresar unha visión interior situada entre o figurativo e o abstracto, en ocasións mesturando paisaxe e figura humana. Paisaxes impregnadas de humanidade ou humanidade impregnada pola paisaxe.

Algunhas destas creacións artísticas debuxan a forma sen describirla, favorecendo a expresión conceptual para conferir sensacións. Debuxa a néboa, o vento dunha tormenta, sen representar a tormenta, integrando movemento, tensión, caos, inquietude ou harmonía.

Xesús Valverde, nestas obras, mostra unha paisaxe persoal, asumida e amada, nun proceso de “despersonalización” e “deslocalización” ou, como el mesmo sinala, “desintegración” da súa propia memoria para desvelar os aspectos máis espirituais desa natureza, transcendendo a súa demarcación física e facendo posible unha vía de comunicación universal.

*Sinto a necesidade de cambiar, porque me parece que entras nunha linguaxe máis universal co cambio... E un o que busca é, case, a desintegración dun mesmo para pasar a formar parte do todo. Neste momento consigo “desintegrarme” mellor con formas de tipo conceptual. (...) Aínda así, sempre é a mesma situación: quitar a angustia, quitar o medo, coñecer o que se descoñece e obter unha resposta.*⁴

1 (El Correo Gallego, maio 1982)

2 (El Correo Gallego, maio 1982)


3 [Diario 16 de Galicia, xaneiro 1992]

4 (Diario 16 de Galicia, xaneiro 1992)

Xesús Valverde, a ollada existencial dun escultor renovador

X. ANTÓN CASTRO

No marco renovador da escultura dunha posguerra xa serodia, a partir dos anos cincuenta do pasado século XX, loitando contra os tópicos rexionalistas ou contra a figuraciónedulcorada como linguaxe dunha identidade cinguida á simple representación da realidade, Xesús Valverde será unha das grandes referencias estéticas non só no ámbito galego, senón tamén no desigual panorama español que trataba de renovarse entre as fauces conservadoras do franquismo. Valverde proxecta unha idea de escultura, que pretende renovar dende a súa vinculación ás diferentes lecturas das vangardas históricas, axudándose dunha amplísima formación que lle permite incidir, xa en datas moi temperás, no debate figuración-abstracción, en termos de equilibrio, asumindo, á vez, unha posición neohumanista, en tanto que sitúa o home como centro no universo das súas preocupacións: o home como corpo foi a imaxe simbólica da súa reflexión e a pedra e especialmente o bronce os seus materiais predilectos. De aí nace un dos resortes esenciais da súa filosofía, aquel que lle permite chegar ao individuo e interpretar a tensión existencial do ser humano, que entendía como a expresión natural dos comportamentos.



Maria Luisa Valverde. Bronce, peana de madeira.





Figura, 1973. Bronce. 31,5x40x27 cm.

Xesús Valverde naceu en Vigo, en 1925, e, xa dende a súa adolescencia, manifestou unhas calidades especiais para a talla e o modelado, como mostran algunhas cabezas, traballadas en todos os seus detalles, conservados dos seus quince ou dezaseis anos. Nos anos corenta realiza estudos de Belas Artes na Academia de San Fernando, de Madrid, e a principio dos cincuenta instálase en Roma para ampliar coñecementos artísticos, cidade dende a que percorre o resto do país. Máis tarde fará o mesmo en París e en Londres. Realiza a súa primeira mostra individual no Ateneo de Madrid, en 1960, e, despois dos seus periplos artísticos no estranxeiro, afínase en Madrid coa súa esposa, a tamén escultora Elena Colmeiro, e aínda que Galicia será unha referencia familiar e cultural importante -na Ramallosa, preto de Vigo, tería sempre un dos seus estudos- a súa vida e practicamente a totalidade da súa carreira artística íanse desenvolver, no futuro, na capital de España.

A década dos sesenta é talvez a da gran proxección de Valverde, cando non só consolida un xeito de concibir a escultura e adquire unha linguaxe xa inconfundible, que será o verdadeiro sinal de identidade na súa carreira artística, senón tamén a da súa participación en importantes acontecementos, mostras colectivas internacionais e cando obtén notables premios e recoñecementos.

Onde están as claves do seu proxecto persoal e da intensa busca que foi a súa vida artística, perseguindo un modo inconfundible de concibir a escultura como unha síntese de diferentes pasados e unha subversión dos seus principios intrínsecos? Xesús Valverde foi un humanista que centrou no home -diciámolo ao principio- as súas pescudas, ao igual que o fixeron unha boa parte dos grandes artistas contemporáneos que sentaron as bases dos ideais vangardistas e neovangardistas. Humanista na liña dos afectos de Moore, arrancándolle á natureza as súas articulacións orgánicas, rompendo a definición da realidade e reforzando a materialidade da obra como algo consubstancial á súa esencia. As mans do modelador talvez non atopasen ningún resorte mellor que o resultado final no bronce, arrasando a tradición histórica dunha liña que se iniciaría nas



Figura, 1971. Bronce. Peana de madeira. 27x51x19 cm.

inconcrecións de Bourdelle e alcanzaría unha énfase especial nas imaxes simbólicas de Rosso: o italiano foi capaz de penetrar no subconsciente de ser humano converténdoo nun personaxe anónimo cargado de vida, personaxe que explicita o drama, eliminando os seus trazos, brandindo a materia. Como el, Valverde inténase no mundo da existencia, trata de desvelar os segredos da alma elevando a *figura*, como emblema, a unha medida canónica, onde se concentran as razóns sintetizadas da maior expresión na menor cantidade de realidade posible. Aínda que pola súa gran carga de emotividade se afasta do formalista *less is more minimal*, aproxímase a el, á hora de concibir a realidade como un grande esquema de formacións e deformacións en movemento, de xestos expresionistas no aire, de equilibrios tensionados, de baleiros concibidos como arabescos para aprehender unha nova dimensión do ser humano. Valverde acode a moitas referencias, pero todas as redefine, reinterpretaas, renóvaas. Certo que os ecos das

formas únicas da continuidade no espazo de Boccioni nos axexan na distancia, pero non son elas, só as súas sombras, ao igual que o desvelo das articulacións xeométricas de Lipchitz, ou de Duchamp-Villon, un eco distante de certo Giacometti..., pero a natureza que gardaba os resortes máis explícitos da escultura no espírito do Schelling máis panteísta reforza os presentimentos de Valverde, que foxe do primeiro impacto daqueles e sitúase na fragmentariedade, nunha acougada idea de peso, na exaltación dun baleiro que, ás veces, tradea o mesmo corpo humano. Pero o escultor acode igualmente á énfase dunha materia de signos, simplificación do corpo, emulsión abstracta que sabemos

Maternidade, 1971. Bronce. 28,5x16,5x13,5 cm. ▶





que nos remite ao home, un home que se move, que busca o seu destino ou que se rebela contra el, materia que invade o ámbito do espazo simbólico que a acolle e exalta nos seus retorcementos a angustia, o drama ou, en todo caso, as vicisitudes do individuo que vaga polo mundo. Neste sentido Valverde afástase da filosofía da tenrura de Moore e aproxímase á poética existencial e máis sartriana de Giacometti, porque as súas figuras, que son implicacións universais de todos os homes, condúcennos, no seu anonimato e na súa abstracción lacerada pola secreción visceral da materia, na súa falta de rostro real, a lugares descoñecidos, a espazos onde a esperanza é só unha incógnita e cuxo único remanso é a natureza que parece acollelas ou na que atopan repouso.

Comprometido co seu tempo, Valverde estableceu un eloquente diálogo entre o seu eu máis lóxico e o máis visceral e pasional, a través do cal reflicte as situacións do ser humano na confluencia argumental da súa linguaxe máis prezada: o que foxe da representación, da súa realidade, e se instala no símbolo abstracto ou metonímico ou o que acode ao xesto grave e pesado do bronce ou da pedra, que incorpora o baleiro -unha calidade que non só é imaxe do espazo, senón tamén atmosfera simbólica e silencio acusador- e toda unha serie de posicións antinómicas nas que se afirman os contrastes, o lugar das luces e das sombras, o da tensión e o do repouso, para situarnos nun territorio inquietante que constantemente nos está a facer preguntas.

Despois de 1980, o tempo da eclosión posmoderna, de revisita dunha modernidade pertinente para imaxinar o pre-

sente do mellor xeito posible, cheo de acenos á tradición, o escultor continúa na consolidación do seu propio discurso ata mediada a década, cando se produce un corte temporal na súa linguaxe. En 1981 realiza unha *Figura*, en pedra, para o Museo Español de Arte Contemporánea (Madrid) e aproxímase máis a Galicia. A súa escultura sofre, como dicíamos anteriormente, un proceso de cambio, nese ano, e ata, máis ou menos, 1990, proceso que aparece recollido nun dos últimos libros acerca da súa obra, que lle dedicou a Deputación de Pontevedra¹.

Despois dos anos oitenta imponse un novo clima estético no dominio da escultura, clima marcado, en parte, polas novas expectativas da escultura inglesa acerca da reconsideración do obxecto, tanto como certas afinidades con outros modelos do vangardismo histórico, os mestres da ensamblaxe, dadaístas e surrealistas particularmente, cunha inflexión especial en Kurt Schwitters, Cristófol ou Miró, por exemplo. Nese contexto, onde se dilúen os xéneros, Valverde afonda nun terreo totalmente alleo ás súas preocupacións anteriores. A instalación, a montaxe ou as ensamblaxes serán as súas novas postas en escena, obras que adquiren novas significacións simbólicas, que ritualizan un culto especial ao *object trouvé* de corte duchampián: o artista, como exquisito apropiacionista, xustapón elementos, obxectos, esculturas figurativas, arames, cordas, mesas, estantes, pesos, cristais, madeiras, marcos, pedras, diferentes artefactos e mesmo froitas, en montaxes que subliñan o sentido descontextualizador de cada cousa para propoñer novas situacións.

A principios dos noventa, o escultor recupera a estrutura lingüística que o fixera célebre nas décadas anteriores, volve á pedra e ao bronce e a indagar na poética do home como *Figura*, deixando de lado a instalación para centrarse no modelado e na súa expresión formal e abstracta, conscien-

◀ Maternidade, 1977. Pedra calcaria. 35x25x20cm.



Figura, 1985-1990. Bronce. 26x12x10 cm.

te de que ese era o seu auténtico camiño, unha identidade que nunca quixo perder. Mostra diso é que a súa imaxe escultórica de sempre seguía resultando esencial para definir unha das parcelas máis importantes da escultura española dos anos sesenta. O seu convite a participar en *Madrid, el arte de los 60*, na Sala da Comunidade de Madrid, en 1990, así o proba.

Exaltador de renovados significantes, talvez máis crípticos ou difíciles de interpretar, Valverde deixa discorrer unha parte do seu espírito máis experimental no contexto existencialista do seu fío argumental. Preguntar sempre para poder obter respostas que nunca se recibirán, velaí a cuestión. Obras como *Prometeo*, *Homenaje a Venus*, *Fantasía*, *Dualidad invertida* e, sobre todo, *La duda del conocimiento* -algunhas propostas como instalacións

que abundan na idea do enigma e da hermenéutica- responderían á nova experiencia escultórica na que formula outra dimensión do real dende un *sistema de cosas* que non serían máis ca signos de consumo, simulacro da cultura, concibido coa fina ironía coa que Jean Baudrillard imaxinara, sen rubor, un presente da arte para poder entender mellor o mundo.

¹ Jesús Valverde. Texto de Manuela Sevilla: "Diálogo entre lo fortuito y lo esencial". Servizo de Publicacións. Deputación de Pontevedra. Pontevedra. 1991.

1964-1984. O taller da rúa das Cañas e o Grupo dos seis escultores*

* Texto en versión orixinal na páxina 73-74


NURIA URBANO

OS ESTUDIOS DA RÚA DAS CAÑAS

A comezos dos sesenta a familia do escultor galego, Xesús Valverde (1925, Vigo - 1993, Madrid) constrúe, no madrileño barrio de Arturo Soria, un bloque de vivendas con baixos destinados a locais comerciais. César Montaña (1928, Vegadeo, Asturias - 2000, Madrid) e Joaquín García Donaire (1926, Ciudad Real - 2003, Madrid), dous dos tres escultores que compartirán espazo na rúa das Cañas, regresaran en 1959 de Roma logo de viviren na Academia Española de Belas Artes, subvencionados, durante catro anos.

Nun encontro entre Valverde e o seu amigo César Montaña, comentan a posibilidade de transformar os locais proxectados en estudos para artistas. Propóránllo, ademais, ao escultor Venancio Blanco (1923, Matilla de los Caños del Río, Salamanca) que, daquela, tiña un pequeno estudio na madrileña rúa de María de Molina, e a Joaquín García Donaire, que viña de trasladarse a Madrid despois de abandonar Ciudad Real.

Así é como xorde este “recanto de invención”. En 1964 instálanse definitivamente na rúa das Cañas, evocando os máis famosos “*Bateau-Lavoir*” parisienses. Xunto aos *catro escultores*, a ceramista Elena Colmeiro, esposa de Xesús Valverde, ocupará un quinto estudio no primeiro piso do edificio nº13.



No esquema anterior vemos como os catro estudos contan cun acceso independente ao resto das vivendas e dispóñense arredor dun fermoso xardín decorado cunha fonte, obra de Venancio Blanco, motivo dun encargo que nunca chegou a realizarse, e un castiñeiro de indias que entusiasmaba a César Montaña e cuxas pólas, hoxe, estremécense ata case superar o edificio. Xesús Valverde será o único que goce, ademais, dun patio privado fronte ao seu estudio. Nos anos oitenta Xesús abandona o taller que pasará a ser propiedade de Venancio Blanco.

As zonas comúns foron testemuña de celebracións e encontros de moitas personalidades do mundo cultural da segunda metade do século XX. Por alí pasaron importantes críticos como José Camón Aznar, o pintor Hernández Mompó, ou artistas de Hollywood do talle de Anthony Quinn quen se converteu



Xardín do estudio da rúa das Cañas.

nun dos principais coleccionistas da escultura de Venancio. Non obstante, dentro de cada un dos estudos reinaba unha absoluta intimidade e total respecto que unicamente se vían interrompidos cando algún deles solicitaba a opinión dos demais ante a obra que estaba a executar.

“O xardín das Cañas, ademais dun lugar de concorrencia artística excepcional, foi centro social de primeira orde. As ceas que se deron nel congregaron artistas, críticos, escritores e coleccionistas. As sobremesas, ás veces, prolongábanse e non faltaba algunha voz na noite clamando silencio [...]”¹

Así é como xorde a idea de agruparse. Unidos pola amizade, por un espazo de traballo e pola ilusión de difundir o feito escultórico, deciden xuntar as súas inquietudes e expoñeren xuntos.

Na actualidade, dos catro, só o estudio de Venancio continúa en activo. César Montaña e García Donaire faleceron hai algúns anos e tan só perdura o seu recordo con algunha

que outra escultura, dispersa polo xardín. Nos últimos tempos, Mariña Prodan, filla de Donaire, alegra cos seus lenzos e perfuma con trementina os recantos do estudio que foi do seu pai.

O GRUPO DOS SEIS ESCULTORES

O mesmo ano da súa instalación na rúa das Cañas, presentan a primeira exposición conxunta na Sala de Exposicións da Dirección Xeral de Belas Artes -hoxe Biblioteca Nacional- baixo o título: *“Carrilero, Donaire, Montaña, Mustieles, Valverde, Venancio. Seis Escultores”*. A partir de entón, outros dous escultores, Benjamin Mustieles (1920, Monóvar. Alicante - 1998, Madrid) e José Carrilero (1928, Caravaca de la Cruz. Murcia) incorpóranse ao Grupo de Cañas aínda que non tivesen o seu estudio alí.

Non formularon ningún *Manifiesto*, nin van realizar traballos de forma colectiva como era habitual nalgunhas formacións do momento, tal é o caso do Equipo 57 ou do Equipo Crónica, pero si que xorden unha serie de exposicións cuxos títulos fan

referencia á idea de *Grupo*. Expoñendo xuntos, poderían exercer máis forza e terían máis posibilidades de mostrarlle ao público o seu traballo, que se o facían de forma individual.

A todos eles vailles preocupar a situación da Forma fronte a unhas linguaxes abstractas que parecían impoñerse. Coincidirán inquietudes artísticas e formulacións semellantes, pero sempre respectando a personalidade de cada un. Conceden moita importancia ao bo facer, ao coñecemento do oficio como base e estrutura do desenvolvemento da idea, como ferramenta que os axude a contar a historia que tanto desexan superando o anecdótico para somerxerse na “alma” do representado. *É necesario inventar*-dinos Venancio-*para chegar á realidade dun soño*². Sen renegar do ensino académico que recibiron na Escola de Belas Artes e abandonando a defensa do mundo clásico, modelarán a súa obra cunha linguaxe de hoxe, servíndose para iso de solucións que en ocasións se achegan a referencias non figurativas empregando materiais e técnicas tradicionais como o barro, a pedra, a madeira ou o bronce.

Este xeito de entender a realidade deu lugar a que algúns historiadores os incorporasen dentro dos parámetros do que coñecemos como *Neofiguración*.

Interésalles que as superficies das súas esculturas nos conten cousas, empregando en ocasións o oco, como espazo activo, acentuando a expresividade dos volumes e abrindo as composicións. Os ocios non sempre quedarán baleiros, senón que é a falta de luz a que crea unha zona que contrasta cos planos modelados conseguindo así unha interpretación orixinal e persoal do volume.

O mundo clásico, a arte etrusca, Roma, estiveron presentes no subconsciente dos *Seis*. Todos “se viron as caras” nalgún momento co Partenón de Atenas, con Pompeia ou co Monumento ecuestre de Marco Aurelio no Campidoglio romano. A cada un, estas obras mestras contáronlles unha cousa que, quizais, nin eu nin ninguén seremos capaces de comprender algún día, pero, a eles servíronlles como convite a protagonizar unha nova historia, a súa historia. As esculturas dos *Seis* son distintas entre si pero teñen un común denominador: a busca da Beleza.




O Grupo dos Seis. Na escada, dende arriba: Venancio Blanco, Xesús Valverde, César Montaña, Joaquín García Donaire. Á beira, José Carrilero e Benjamín Mustieles. 1966.



Venancio Blanco. Marco Aurelio. 2000



Xesús Valverde. Figura con neno, 1977. 34 x 30 x 20 cm. Bronce



Venancio Blanco. Desnudo feminino. Cemento



Benjamín Mustieles. Bañista. Col. Deputación de Alacant. MUBG

Hai unha especial admiración cara ás orixes de cada período artístico. Os volumes compactos e pechados dos grupos exipcios ou as Koré gregas coa síntese no modelado das anatomías ou das dobras das roupaxes onde se consegue unha expresividade extraordinaria. Estas obras da Antigüidade, serviranlles de punto de partida para crear un imaxinario plástico con solucións acordes aos novos tempos e que xa suscitaran o interese dalgúns artistas españois moi admirados por *Os Seis* como, Pérez Mateo, Manolo Hugué, José Planes, Cristino Mallo ou o bejareño Mateo Hernández. Sen esquecer a Julio Antonio ou Victorio Macho que achegarán tamén a súa persoal visión da Antigüidade.

Referentes contemporáneos estranxeiros, como Marino Marini, Henry Moore, Giacomo Manzú ou Arturo Martini, serán tamén do seu interese. A análise da figura humana, a expresividade desas formas “elásticas” que propón Marini ou os suxestivos volumes esfuracados de Moore. Todos eles mostran unha mirada especial ao mundo feminino, influíndo sobremaneira a toda a plástica figurativa occidental. Reinterpretan a idea de muller modelando nus suxestivos, de volumes rotundos moi expresivos e reducidos ao esencial, sen deterse no detalle. Nas Maternidades


de Donaire, de Valverde ou de Mustieles, apréciase moi ben esa influencia. Volumes de contornos redondeados e marcados, seguindo as de Moore, pero coa serenidade e o equilibrio que caracteriza a cada unha das súas pezas.

A Natureza será outra das fontes de inspiración dos Seis. Nela atopan as primeiras leccións maxistras que o artista deberá ditar na materia elixida, as solucións máis acertadas para a plasmación do que pretenden. O percorrido dunha póla en procura da luz, a tensión exercida polas copas das árbores no espazo, a luz dun día claro fronte ao mar. Como di Venancio referíndose á Natureza: “Todo está aí. O noso labor é atopalo e, senón, inventalo”. Estes artistas souberon mirar humildemente ao seu arredor para aprehender todo aquilo que se lles ofrece sen condicionantes de ningún tipo. Afondan no máis íntimo das formas co fin de atrapar o esencial, aquilo que realmente conta o que é. É neste aspecto no que se afastan radicalmente da figuración máis académica e convencional. Tratan de captar aquilo que define ao representado tal e como é, sen vestiduras que oculten a súa “verdade”. Neste xeito de traballar, coinciden nalgúns aspectos con linguaxes máis próximas ao mundo da abstracción e en concreto ao informalismo, en plena eferescencia na década dos sesenta.



Galería Ponce. Madrid

Todos eles, ademais do seu importante labor artístico, desempeñaron un papel esencial no campo do ensino nas Escolas de Artes Aplicadas. As aulas de Moratalaz, Cidade de Barcelona e a rúa da Palma, convértense en novos talleres para estes escultores. Alí imparten clases de modelado, de escultura... que son motivo de inspiración para moitas das súas obras. As súas ensinanzas motivan aos alumnos e estes á súa vez, aos propios mestres que aproveitan cada unha das observacións que se formulan na clase. Unha longa lista de discípulos acompañará a cada un deles -tal é o caso de Manolo Mateo, María Soledad Gómez Nieto, Velilla, José Luis Yebra, David Lechuga, entre outros-



"As Escolas de Artes e Oficios é onde un, como profesor, pode demostrarlles aos demais, os alumnos, o agradecemento que te ensinaron. Agora es ti quen lles devolve o aprendido a outros. Sempre lles digo aos meus alumnos: ¿ti a que vés, a aprender

Venancio Blanco.
Escultura de Marino Marini.
2001

ou a que te ensinen? Vaise á escola a aprender, nunca a que te ensinen. Sempre hai un compoñente de compromiso do receptor que só el pode incorporar. Esa idea de diálogo constante entre materia e artista, alumno-profesor, compañeiros".³

En 1967, Mustieles e José Carrilero abandonarán a súa participación activa co Grupo, expoñendo con eles en ocasións sinaladas como en 1975 con motivo dunha mostra colectiva celebrada na galería Ponce de Madrid⁴, unha galería dedicada fundamentalmente á escultura e que abriron Valverde, Donaire, Montaña e Venancio no ano de 1974. Outro proxecto do grupo que rematou dez anos máis tarde ante a imposibilidade de poder atender a sala e continuar, á vez, co labor creativo e docente.

1 ALFARO, J.R., "Calle de las Cañas, 13. Seis escultores, una ceramista y un pintor tienen su estudio en el patio de la casa". Ca.1974
Trátase dunha publicación con motivo da exposición do Grupo -Venancio, Valverde, Donaire, Montaña, Mustieles, Castrillón, Barón, Apeles Fenosa, Elena Colmeiro y Mestre- na Galería Ponce en 1974. Descoñeño o medio no que a noticia foi publicada.

2 Conversas con Venancio. Xaneiro, 2007

3 Conversas con Venancio. Febreiro 2007

4 Trátase dunha Galería creada en 1974 por Donaire, Montaña, Valverde e Venancio, cuxo principal interese é a exposición de escultura contemporánea. Pechará as portas en 1984.

Xesús Valverde, a amizade dun grande escultor*

* Texto en versión orixinal na páxina 74-75

V E N A N C I O B L A N C O

Xesús Valverde vén a Madrid nos anos 40 para estudar na Escola de Belas Artes de San Fernando. Alí coñecemos e durante os cinco anos de estudos formariamos un grupo de alumnos procedentes de diversos lugares de España. Joaquín García Donaire, César Montaña, Antonio Moyano, José Luis Núñez Solé, Eduardo Capa, eran algúns deles. Fixémonos moi amigos, e sempre estivemos unidos, alegres e divertidos.

Madrid era unha cidade acolledora, e a xente amable e simpática. Se engadimos que nela se desenvolvía unha vida cultural rica en acontecementos e contido, pagaba a pena quedar para continuar alí a formación. Todos o logramos, viámonos con frecuencia e cada un íase definindo no encontro coa súa propia escultura. Un día xurdiu a oportunidade de construír uns estudos arredor dun patio-xardín na zona de Cidade Lineal, e alí fixamos o noso lugar de traballo Xesús, Montaña, Donaire e eu. Valverde ademais tiña no mesmo edificio a súa propia vivenda. A súa muller e gran ceramista, Elena Colmeiro, filla do célebre pintor, tamén estableceu alí o seu taller.

A nós uníronse ademais os escultores José Carrilero e Benjamín Mustieles, se ben os seus estudos non compartían o noso mesmo espazo. Formabamos o grupo de "Os Seis", como así nos denominabamos. Celebramos xuntos varias exposicións e tiñamos en común a nosa formación nas Escolas de Artes e Oficios Artísticos, e tamén en Italia. Montaña, Donaire, Carrilero e Mustieles estiveron internados na Academia Española de Belas Artes en Roma, e Xesús e eu pasamos algúns meses en diversas cidades italianas. Eu tiven unha bolsa da Fundación Juan March para aprender en Roma a técnica de fundición á cera perdida e puiden dispoñer dos talleres da Academia. Algunhas tempadas Valverde residiu

así mesmo en París, onde vivía Manuel Colmeiro. Esas estancias achegáronlle a Xesús novas ideas, que se reflectiron na súa escultura. Todos entendíamos a importancia do debuxo, para atopar con maior claridade as formas e o volume dende a materia.

Polos 70 naceu a galería Ponce na Praza Maior, e nela presentouse durante algúns anos a obra do grupo e a de cada un. Un período interesante e moi bonito, no que se desenvolveron proxectos atractivos en defensa da escultura e o debuxo, a cerámica e finalmente tamén a pintura. Elixo agora o catálogo da exposición de Xesús que se celebrou en novembro-décembro de 1977. É unha delicia contemplar de novo a colección de pezas que se presentaron naquela ocasión. A montaxe das exposicións era unha festa. Non era tarefa doada atopar a luz axustada a cada escultura, para satisfacer o punto de vista de cada artista, pero daba pé para analizar con rigor e comprender así a expresión das obras. Polo xeral todos partiamos da figura humana, nunha interpretación persoal que buscaba enriquecela debuxando e compoñendo con outras formas. Aquela exposición de Xesús recollía unha serie de bronzes fundidos á cera perdida. Nuns, a figura perdía o seu realismo e achegábase máis á abstracción. Noutros, a formulación inicial consistía nun encaixe xeral dende formas simples abstractas, para aproximarse á realidade. En definitiva, formas que se atopan dende a vida, nun diálogo plástico onde é o espazo quen permite os movementos do tema ou a idea.



Dende a esquerda: Venancio Blanco, José Carrilero, Xesús Valverde, Joaquín García Donaire, César Montaña e Benjamín Mustieles no patio dos estudos da rúa das Cañas. 1966.

O estudio onde debuxo estas liñas é o mesmo no que naceron as obras que agora comento. Cada unha delas conserva o discurso de Xesús, cada unha cóntame como era el. Todas che ofrecen o seu parecido, que Xesús non perdía cando te recibía nin ao te despedir. Era un grande amigo ao que sempre atopabas investigando en dar solucións á forma que inventaba. Xesús sempre tiña motivos e ocorrencias para estar atento e moi preto do cabaleta de traballo. Era unha persoa inqueda e os últimos anos dedicounos a compoñer e expresar o carácter dos seus pensamentos con aqueles obxectos e utensilios que lle chamaban a atención ou satisfacían a súa curiosidade. Debuxaba así resultados diferentes, conseguindo á vez maiores dimensións.

Xesús loitou sempre dende o inconformismo e talvez haxa que entender a súa obra dende este punto de vista. Non lle satisfacía doadamente o resultado definitivo. A sorpresa ao entrar no seu taller era encontrar a escultura na que traballaba totalmente distinta, cambiada, diferente. Gozaba e gozaba a nova expresión. Con Montaña e Joaquín, cantas veces analizabamos esta actitude de Xesús. El era así e ese era o noso amigo. Todos buscábamos ou íamos atopando a nosa personalidade, e aí estaba a riqueza daquel grupo, que a historia enmarcou dentro da Neofiguración. Un grupo fiel ás súas ensinanzas e agradecido aos seus mestres, responsable co seu tempo na procura de novas formas para enriquecer o noso patrimonio cultural.

A obra artístico poética*


* Texto en versión orixinal na páxina 75-76

MANUELA SEVILLA


Difícil tarefa despois do tempo transcorrido dende o último encontro con Xesús Valverde (momento que recorde con detalle e dun xeito moi emotivo) a de escribir sobre unha persoa que foi un referente primordial na miña vida e na miña traxectoria como analista e observadora da arte; máxime cando o considerei como un pai que soubo marcar-me un camiño coherente e ao que teño gran respecto e profundo cariño. A súa proximidade persoal brindoume un doado acceso ao mundo creativo, facultade que en moi contadas ocasións puideren aprender en ningún outro foro ou clases impartidas polos meus profesores.

Por comezar dalgún xeito teórico, mencionar que mentres que algúns artistas españois partían abertamente dese “construír destruindo”, seguindo os pasos do cubismo que iniciaran Braque ou Picasso, outros, como Valverde, estaban a referenciar a súa obra á corrente iniciada polo británico Henry Moore, que exercería grande influencia sobre todos os neofigurativos dende os seus inicios, e utilizaba o xesto e o espazo para expresarse. Foi un referente de rotunda humanidade coas súas figuras xacentes, maternidades e grupos familiares de gran forza, das que emanaba esa tensión psicolóxico-espacial que todos valoraban. Valverde pertenceu a unha xeración de artistas que a comezos dos anos 60 intentaron recuperar a práctica artística da escultura, interesados en superar os conceptos establecidos na representación e procurando xunguir esas relacións psicolóxicas coas obras.

Se Chillida, Serrano, Ferrant, Chirino ou Alfaro comezaron moi axiña retomando as técnicas industriais rexurdidas nos 50 por Julio González ou Gargallo e desenvolvendo un-



ha obra principalmente centrada na denominada abstracción xeométrica imposta dende Europa, outros artistas, como Xesús Valverde, Mustieles, Venancio Blanco ou García Donaire, atoparon no xeso, a pedra ou o bronce os materiais máis idóneos para desenvolver unhas primeiras obras figurativas que irían máis lentamente incorporando o oco e o baleiro ata chegaren a configurar formas cada vez máis libres cara a finais dos 70; sen perder aínda as referencias á



Salpicadura, 1989

figura humana e esas tensións psicolóxico-espaciais antes mencionadas que mimetizan con ela, maternidades en bipartición e ramificadas, chegarán a adoptar aptitudes e morfoloxías de árbore ou insecto levando a finais dos 80 ás súas últimas consecuencias o principio biolóxico da partenoxénese nas súas obras conseguindo un equilibrio entre o material e o aéreo.

A arte para el formaba parte sempre dese sentimento que dirixe a vida, e que é reducido a signos relacionados co silencio interior e a reflexión sobre o home.

Entendía o artista como ese mediador que trata de remitirnos a un lugar para falarnos do home e as súas necesidades de reflexionar sobre todo o que o rodea. Inscrito nun espazo e un tempo determinado que o configuran histórica, cultural e emocionalmente, e disposto a realizar unha viaxe na que poder interrelacionar obxectos e palabras que metafóricamente aluden ao pensamento; unha viaxe interior onde a ollada vincula e onde os obxectos son entendidos como a materia bruta dos seus pensamentos. O artista para el é tan importante coma o espectador en igualdade e importancia. Xesús mantivo sempre unha actitude de preocupación persoal polo artista, considerándoo polo transmisor inconsciente entre o mundo dos significados e o observador, pero necesitado sempre deste último como unha parte esencial para acoller e interpretar a obra.

Nun primeiro momento as súas pezas reflectían abertamente esa angustia polas relacións internas, que ao ser conxugadas co externo levarían a ter moi en conta o tratamento dos materiais e o seu modelado. Máis adiante as súas esculturas de temática familiar, nai e fillo, iniciadas xa a mediados dos 60, serán unha constante na súa obra, deixando patente o potencial da enerxía creadora da natureza fronte ao minúsculo do home. Canalizou nelas un interese cada vez maior polo funcionamento do inconsciente e en todo o que hai máis alá das limitacións da lóxica e a razón humana que lle foron primordiais.

Non en van ese desacougo foi un dos sentimentos que marcou toda a súa vida, chegando a describirse a si mesmo como un home angustiado, sendo este sentimento un dos principais paradigmas que rexeu a vida anímica do home do



Levedad. 1989

século XX tras os descubrimentos freudianos sobre os procesos inconscientes de comunicación.

Por outra banda, tiña sempre patente a dúbida como soporte á súa preocupación por intentar evitar deixarse atrapar, tanto pola natureza que nos introduce nun proceso de ensimesmamento coma polas actitudes compracentes, pensando que manter xestos educados no fondo non axudan á fluidez do pensamento vinculado ao universal. Necesitaba ver no home un provocador cuxa investigación debía partir primeiro de si mesmo nun acto de ineludible sinceridade.



Leda. 45 x 27 x 20 cm. Técnica mixta. 1988

Pero non será ata o final da súa traxectoria cando toda a súa análise frutifique plenamente co especial interese demostrado polo obxecto poético, influído sen dúbida pola obra de Marcel Duchamp que estaba a comezar a ser revalorizada neses precisos momentos por parte dos máis importantes axentes da arte a finais dos 80.

De 1983 a 1993 dáse unha época fundamental para entender claramente o que hoxe é a arte contemporánea. Como exemplo cabe mencionar que é precisamente nestes anos cando por primeira vez a fotografía se utilizou como soporte coa vontade de xerar outra nova linguaxe de expresión ou cando se empezan a incorporar outros materiais para crear arte. Fase de corte e momento da renovación no uso de novas linguaxes e soportes para crear esa “arte” con maiúsculas da que falamos actualmente; unha etapa na que Valverde comeza a utilizar novos materiais, e que resulta ser a menos difundida e coñecida a pesar de ser quizais a máis relevante, por dar solución de continuidade a toda unha vida de reflexións sobre o home e o espazo escultórico.

Centrouse na localización de materiais fráxiles e de refugallo que serán transmutados despois en obxectos poéticos, e comezou a funcionar como unha auténtica “*máquina solteira*” debido á súa situación persoal seguindo o exemplo dos dadaístas. Valverde intenta converterse en espello do mundo ao rexistrar, extraer e arrincar da realidade o que el mesmo ignora no momento da súa creación. Enlazou con ese sentimento que dende os seus comezos dirixiu a súa vida ao compartir a idea de que a arte debe adquirir cada vez máis a forma dun signo e non rebaixarse nunca a eses niveis decorativos acordes á burguesía. Inmerso nunha especie de “xogo intelectual” onde a obra queda reducida nas súas formas, intentará configurar unha linguaxe propia que faga aflorar o pensamento.


Temos que recordar que, dende o comezo, as teorías estruturalistas, que ían adquirindo cada vez máis unha especial relevancia, estiveron presentes na creación de novas realidades. Pero sobre todo nesta última etapa cando as palabras mesmas son referenciadas polos obxectos, e os obxectos e as súas formas polas palabras.

Se Foucault no seu libro *As Palabras e as cousas* propúxose atopar os puntos de inflexión a partir dos que se formara a idea de modernidade intentando demostrar a subxectividade


de da verdade e as estratexias que utilizamos para afirmar determinadas cousas, con anterioridade Mallarmé xa apuntara que os obxectos en si son palabras e as palabras obxectos transmutados agora en proceso escultórico. Palabras do mundo que conformaban as lecturas de Valverde neses instantes (Henry Miller, Anís Nin ou o mesmo Jesús Ferrero) e onde adquire unha presenza importante a sedución e o erotismo. O título mesmo das obras pasa a ser algo esencial que forma parte da súa lóxica e lle é inseparable. Ese erotismo reflectía para el un medio dende o que intentar poñer ao descuberto todo aquilo que normalmente permanece agachado e que non son necesariamente situacións eróticas, senón un enlace contra a decadente educación relixiosa e determinadas regras sociais. Como artista, utilizaba a ironía e foi un provocador sobre a ideoloxía dominante ao permitirse a licenza de revelar o oculto e poñelo voluntariamente a disposición de todo o mundo, como base e principio da creación.

Poemas-obxectos sublimes xurdidos das mans dun mensaxeiro ruminante inspirado na grandeza das cousas pequenas para buscar ata no corazón do non esencial e que, ataviado de indumentarias cotiás, fai rexurdir sempre ese ordenamento ou certeza para conseguir desatar o cordel dos nosos nós ou nus. Valverde segue vivo nas súas obras plasmando o que sucede no noso derredor ao destruír o tempo no espazo da memoria dos nosos faiados.


Outro tema recorrente dende o principio foi o xogo de espellos, xa que pensar nos outros era unha das premisas da antropoloxía moderna como medio para descubriros a nós mesmos e axudarnos a repensar os esquemas da creación na arte contemporánea. Este aprender a relativizar e coñecer o que fan outros, axudáballe a pensar sobre o que facemos, a sabendas de que ás veces mesmo a negación de algo pode servir para afirmarnos.



Sen título. 1991



Un e tres. 1989



Recollendo do exterior as percepcións e do interior as impresións ou sentimentos consegue chegar ao inconsciente, composto, ás veces, por todo o que nos aperta, os instintos e todo o que cada un de nós almacenamos sen orde nin concerto no noso propio faiado, e onde a materia das cousas nos vibraciona o seu sentido. Porque unha das virtudes dos obxectos é interpoñérense entre os sentimentos das persoas. Algúns dos obxectos utilizados para compoñer as obras non eran absolutamente nada no momento da súa recuperación, remiten simplemente a unha funcionalidade pasada que, co exercicio de sinceras composicións culturais, foise convertendo en pezas fermosas. Obxectos cotiáns fóra do lugar onde se usan habitualmente e da súa función específica; un verdadeiro ataque á sociedade onde imperan formas de comunicación simples, e unha denuncia á transparencia do sentido. En definitiva un ataque á razón do sistema ideolóxico dominante e á lóxica do consumo de obxectos que teñen unha concreta función de uso.

Algúns artistas nestes momentos xa utilizaban obxectos cotiáns para expresar ideas diferentes reflexionando sobre a linguaxe e volvendo a mirada cara a unha nova obxectividade para representala optando, a maioría de veces, por certa mitoloxía persoal para construír os seus relatos. Unha fantasía das súas vivencias e preocupacións persoais son plasmadas habitualmente nas súas composicións. Exemplo desa mitoloxía persoal é a obra denominada "Leda" realizada con motivo da súa exposición en Baiona en 1990.

Obra límite, a de Valverde, que formula o problema da validez de certos obxectos artísticos seguindo os pasos de Duchamp e que converte o espectador en protagonista dese xogo de reflexos, provocando nel multitude de lecturas e interpretacións, que o obrigan a articular a súa propia linguaxe e pon en marcha a súa mecánica intelectual; un xeito de desmontar engraxes para volver montalos.

Unha arte xeradora de significados, de sentidos, que está no lado oposto a unha función mecanicista, produtora de algo palpable, usable, desgastable ou comestible, onde a idea do azar contribúe ao pensamento e á ciencia mesma; aínda que non o pareza, ten claro que foi progresando sempre a base de especulacións afortunadas, e onde a súa obra configurada nas súas preguntas e dúbidas intentará atrapalo con toda a súa potencialidade.

Esta é froito ás veces dun descoido casual que actúa de bisagra entre o pensamento do artista e o mundo; un lugar onde iniciar despois novos camiños. A forma queda reducida para que a idea sexa a protagonista absoluta e, igual cós seus poemas, os obxectos artísticos sexan os medios e non os fins do desenvolvemento do pensamento.

A través dunha concentración de temas e palabras-obxectos os seus traballos conseguen unha máxima amplitude. Amplitude, pluralidade de lecturas, infinitas interpretacións poñendo en marcha unha mecánica intelectual.



Sen título. 1991

Entre as moitas exposicións que visitamos xuntos, recordo especialmente a de Cy Tombly no Parque do Retiro no 87, ao ano seguinte do recentemente inaugurado Museo de Arte Raíña Sofía cunhas pezas cargadas de linguaxe poética e xestos delicados que tanto o atraían e onde o debuxo adquiría grande importancia. Se contemplamos os últimos debuxos de Valverde veremos neles tamén a xestualidade espontánea do lapiseiro e unhas cores sutís de gran forza expresiva e sinceridade egocéntrica. Está presente tamén en min o recordo da súa indignación ante a montaxe disposta polo comisario na exposición realizada sobre Giacometti; un enorme enfado ao comprobar que moitas das pezas quedaban completamente anuladas na súa relación co espectador, ao seren colocadas nun pedestal corrido, moi desproporcionado en altura e tan próximo á parede que impedía velas en todo o seu derredor; ou a exposición de Richard Deacon nas salas da Fundación Caixa entón situada na rúa Serrano, onde gozou enormemente ao vivenciar as súas obras. Creadores todos eles que inevitablemente sentía próximos á súa emoción.

Valverde asumía a clandestinidade como parte da realidade e comentaba, de forma anecdótica, como un dos seus mestres na Facultade de Belas Artes, Enrique Marín [escultor

que realizara a Virxe do Carmen incorporada ao monumento deseñado polo arquitecto vigués Manuel Gómez Román en 1903 para Monteferro en Nigrán] quedou no esquecemento. Poucos mencionaron a autoría desta obra e, curiosamente, o día que nos vimos por última vez na súa casa-estudio da rúa do Oso de Madrid, mostrounos coma se dun trofeo se tratase unha peza de escaiola de Marín que atopara por eses días no Rastro. Que un artista non obteña a aprobación dos seus contemporáneos, coetáneos e inmediatos non debe ser tomado como unha descualificación, nin tampouco como ningún síntoma de gloria, xa que é indubidable que un auténtico creador, sexa artista ou escritor, éo principalmente porque a súa provocación desborda sempre a ridícula canle do aceptado. Ao final dunha traxectoria acontece o que a historia está predisposta a darnos que case nunca sexa o artista quen teña que render contas ante nós, senón ao revés, nós respecto a el, sendo a nosa incapacidade crítica ou a nosa precipitación quen o elevan ou rebaixan excesivamente.


Entendida a morte non como unha desaparición senón como un baleiro conseguido, a túa voz nunca se me volve opaca, sigo sosténdome na túa mirada perplexa, nas túas ironías, na túa provocación e no teu silencio.

Para Jesus Valverde, com saudade

FERNANDO CASÁS

Manhã de um dia qualquer de 1990. Bate na porta do meu atelier da *Villa América*, de Gondomar, um senhor com cavanhaque, cabelos revoltos e magro, cópia do Quixote de Doré. Disse que havia ouvido falar de mim e vinha me conhecer. Comentei-lhe que estava no meio de uma obra e me perguntou se podia voltar, que era escultor e que vivia em Madrid. Tudo aconteceu rapidamente, de maneira que continuei ensimesmado, tirando mais pedaços da parede, o trabalho no qual estava metido nesta época, recuperação da minha própria história. No dia seguinte, ali estava novamente Jesus Valverde. Tomamos um café no bar da esquina e falamos. Acabava de conhecer um incansável escultor e um dos pouquíssimos cosmopolitas que conheci e conheço na Espanha e nos tornamos amigos.

A partir daí nos transformamos em irmãos, e ele como um tio do meu filho Adrian que naquela época tinha uns quatro anos. Sempre preparava para ele uma grande taça de chocolate na espessura perfeita, servido com algum pedaço de *roscón*. Eu nunca fui uma pessoa sociável, mas com Jesus era impossível não sê-lo. Nos chamava com frequência, a mim e a Mina, para reuniões e comidas preparadas por ele junto com sua última conquista, ou não tão última porque Jesus era amigo de suas amigas. Cozinhava muito bem e com especial refinamento. Era feliz reunindo seus amigos. Muitas vezes, depois do jantar, embalados pela música, acabávamos por dançar e as conversas marcavam a madrugada. Nos almoços, sempre aparecia um lanche no final da tarde, já que ninguém saía da mesa antes do anoitecer. Através de Jesus conheci Bar Boo e Laxeiro e toda uma *troupe* que o considerava e queria.



Prometeo, 1985-1990. Técnica mixta. 79x36x25 cm.




Figura III, 1985-1990. Ferro e mármore. 46x13x8,5 cm.

Devagar fui conhecendo a sua estória. Havia passado sua vida em Madrid, onde era artista e professor. Fazia parte de um grupo de escultores e, ao mesmo tempo, dava aulas. Vivía no seu atelier da Calle del Oso, em Madrid, no meio de suas esculturas e de seus projetos futuros. Jesus seguiu seu caminho em solitário, um caminho apaixonado pela figura e sua transformação, o que não era a direção mais fácil numa Espanha onde os laços culturais com o resto da Europa não eram fluidos e, com o resto do mundo, praticamente inexistentes. As suas obras tinham a personalidade da inesperada leveza das pessoas que queria.

Queria deixar Madrid porque cada vez era mais difícil sair da Ramallosa e suas despedidas incompreensíveis, pela falta de sentido, já que aqui estava sua infância. Me contava entre divertido e amargado tudo o que tinha que enfrentar com este retorno. Enquanto eu pensava que estava vacinado contra tudo, que escutava uma estória surrealista que eu achava que acontecia em todos os lugares. Jesus me contava as misérias que eu não captava e não podia crer que se desmembravam em misérias maiores. Sim, havíamos voltado os dois para Galícia, com a diferença de que Jesus havia *vivido* aqui antes, onde não existem limites entre o artista e o homem social, nem o esquecimento para o que possa ser considerado como *erros pessoais*. Agora posso entendê-lo.

Ele no seu atelier, eu no meu, nos encontrávamos pelo final das tardes, trocando idéias, sempre me mostrando o que estava fazendo ou pensava fazer e nossas conversas eram longas e acidamente corrosivas, pois entendíamos que o humanismo começa na franqueza. Sua generosidade fazia com que, quando se apresentava a um possível projeto, me chamasse para que também eu participasse.

Ele era um artista de compreensões, mas não de concessões. A nossa mudança de *habitat* tinha sido paralela: eu vinha do Rio de Janeiro, ele de Madrid, ambos de grandes

centros para enraizar-se na província. Este acontecimento refletiu profundamente nas nossas obras.

A figura, sempre amada, já não respondia às suas inquietudes, não era a única linguagem desejada. No seu novo momento houve espaço para o conceitual, para as madeiras brutas, para os processos e, como um relógio de areia, expôs uma fruta que apodrecia ao mesmo tempo em que se consumia a duração da sua exposição na Casa das Artes em Vigo.

Estas últimas obras escultóricas lhe trouxeram mais que um enfrentamento com esta Galícia que vertebra desde a destruição. Diáspora para os de dentro e os de fora. Mas o que é vertebrar o trabalho de um artista que se move no onírico, em um território de transição permanente?

Um forte abraço, velho camarada.



Figura. Bronze.
30x16x17 cm.



Maternidade, 1975. Bronze. 40x33x28 cm.

Conversa entre Xesús Valverde e Fernando Casás*

Xesús Valverde e Fernando Casás, dous recoñecidos creadores da escultura e a pintura, con corenta anos de investigación ás súas costas, son os interlocutores nunha longa discusión ao redor da función da arte, da que ofrecemos esta breve recensión.

Casás.- A túa obra é moi conceptual, só che preocupa chegar á esencia?

Valverde.- Sí, para ter un pronunciamento claro. Non existe unha gramática da linguaxe na arte. Busco a xeometría capaz de expresarse nunha ecuación, como un matemático ou un poeta.

Casás.- Moitas veces as obras identifican aos seus autores. Paréceme ben porque reflicten unha obsesión. A obra de arte é unha obsesión.

V.- A alma é tan complexa que non é necesario crear esquemas representativos, podes dicir o mesmo e a forma dependerá do temperamento. Son Xéminis, son angustiado... a miña obra reflícteo e comunícallo aos demais.

C.- A ti gustaríache que cando se mira unha uva ou un vaso a xente diga que ese traballo é de Valverde?

V.- ... non.

C.- Parece un pensamento egoísta, cando queres que o mundo vexa a través de ti, pero ás veces a obra non ten nada que ver co autor.

V.- É precisamente cando transcende o autor que comunica aos demais. Só é ela, a obra.

C.- É ela porque é túa.

V.- Son conceptos universais.

C.- Estou buscando que o espazo vaia aparecendo. Todo son signos; o min gustaríame atopar cal é o máis forte.

V.- O teu telo, porque a forza está en ti, é algo que vén dado. Faime graza que un sempre dubida do que ten.

C.- Pero chega un punto no que tes a obriga de descubrir algo que transcende á túa persoa, aínda que en arte non hai obrigas.

V.- É certo. Trátase de quitarlle a túa angustia, pero non o vas resolver definitivamente, é unha dinámica que sempre xera respostas. A túa reflexión esixe que te movas nesa realidade, a última é a poética.

C.- A arte é unha procura va, é querer ser Deus, esa loita obsesiva pola perfección, unha tolemia boba e burricana. Ti non estás a competir con Chillida, con Tápies ou con Miró, a túa competencia é con Deus.

V.- É o coñecemento.

C.- De onde che chega a angustia?

V.- Do coñecemento que me asusta.

C.- Pero tamén te atrae.

V.- Claro, túrbame calquera dimensión da sensibilidade. As referencias son emocionais. Para traducilo a un material utilizamos a xeometría.



Xesús Valverde e Fernando Casás.

C.- Creo que este traballo é unha terapia para non volverte tolo.

V.- Si, é unha terapia necesaria pero non só túa, senón do home xenérico. O home sempre está na angustia de procurar unha resposta á existencia. Nós dámoslles a memoria, a historia, todo o que os demais traballaron. Nin ti, nin ningún parte do cero. E todo vai quedando atrás. A historia do home está na arte.

C.- Deberíamos de empezar por desasañar. Empecemos por unha nova igrexa.

V.- Si, o comercio invadiu a relixión. Unha escultura é un feito relixioso en si e unha merda é unha blasfemia. Encheron as igrexas de merda. O capitalismo vén do que ten a capacidade de pagar, non importa a función, nin sequera a relixiosa.

C.- Onde hai fame, necesítase a arte para non morrer. En Brasil, por exemplo a xente emocionase máis.

V.- Creo que é unha época bonita a nosa, a pesar de todo o fodido. É atractiva a ambigüidade de hoxe.

C.- Pero os faladoiros acábanse, o proceso electrónico substitúeo e é irreversible.

V.- Non o creo, nas Universidades americanas quedei sorprendido ao ver traballar o vidro soprado, a fundición, a cerámica. O home é o mesmo, non chegará á destrución, ao revés, a electrónica pode liberar ao home e darlle máis tempo.

C.- Configura outro home.

V.- Sempre é o home o que necesita facer un traballo e realízalo. Sempre existirá, despois virán as condicións históricas que faciliten a revisión.

* Esta conversa entre Xesús Valverde e Fernando Casás publicouse en *Diario 16 de Galicia* (26/10/1990)

Reflexións arredor dun proxecto inédito de Xesús Valverde para A Ramallosa

FINO LORENZO


Robert Musil dixo unha vez: “Non hai nada no mundo que sexa tan invisible como un monumento”. Unha frase digna do escritor austríaco que describiu a decadencia de Kakania, o esgotado imperio de Francisco Xosé. Aquí, no Val Miñor, nos últimos anos, tentamos seguir a súa máxima cando topamos, nunha encrucillada ou rotonda, con testos de flores que semellan traídas dun patio andaluz, aviáns deconstruídos ou esnafrados, ou mesmo cubos de letras que ficarían mellor na gardería. Os cidadáns, que ollan, con tolerante abraio e retranca, as propostas e criterios artísticos dos nosos representantes municipais, sexa porque pensen que non paga a pena alporizarse por estas cousas, pois hai outras máis importantes e urxentes, ou porque as consideren a penúltima estratexia da arte contemporánea en materia de urbanismo, non adoitan criticar, a viva voz, esta estética infantiloides e banal. O establecemento destes artefactos, realizados a toda presa, sen un proxecto meditado e debatido, e baratos a curto prazo, deberían ser considerados, non só como unha falta de respecto, senón como un insulto á intelixencia media dos cidadáns que sufrimos, día a día, a súa presenza.

E é que a escultura pública non pode ser froito da inspiración divina dun suxeito que teña o poder de impoñela. Só podemos aceptala cando xorde como resultado dunha reflexión pausada, dun estudo que acolla consideracións sobre o contorno, os seus habitantes e usuarios, a súas necesidades, a mellora do existente, a escala, a presenza ou a proporción. Un esforzo, neste sentido, vese recompensado á larga. O exemplo da veciña cidade de Vigo, dotada, por parte da corporación presidida polo entón alcalde Soto, duns fitos e referencias urbanas, maniféstase agora, case trinta anos despois, como un logro positivo e enriquecedor,

por riba de gustos, opcións, críticas e debates conxunturais, sempre moi saudables e benvidos.



De todos os xeitos, non é nada doado. A escultura pública actual non pode amosarse xa como un símbolo de autoridade patriarcal, na liña das estatuas decimonónicas de militares e próceres que fican nalgúns parques e xardíns das nosas cidades e vilas. A mesma noción de monumento remítenos, na actualidade, á algo desmesurado, esaxerado e fóra de época. En todo caso, esta escala monumental foi adoptada polas novas edificacións que enchén as vilas, sen achegar personalidade nin distinción. Os bloques de vivendas construídos nas últimas décadas, baseados na renuncia a unha arquitectura estilística e na implantación dun único modelo de construción, xeraron a despersonalización dun espazo urbano no que todos os novos barrios e rúas manteñen a mesma aparencia anódina e impersoal en calquera cidade ou vila. Por outra banda, a idea de significado público ou a posibilidade dunha imaxe colectiva, hoxe en día, son problemáticas e inseguras, pois moi poucos dos proxectos realizados acadan unha aceptación xeral da poboación. A manifesta falta de experiencia dos escultores para construír obras de carácter público reflíctese na reticencia dos cidadáns para aceptalas. Unha boa escultura pública debería conservar a calidade de presenza e elegancia sen ser fachendosa ou ameazante.

Pero tamén é certo que as crecentes demandas dos cidadáns a prol da conservación ou recuperación de espazos públicos de calidade, esixen unha renovación e actualización do debate público nestas cuestións, pois amósase imprescindible a implantación dunhas referencias visuais, duns fitos que poidan dar sentido a uns lugares que adoitan tornarse en lugares



1- Augada

1- Augada. 100 x 70 cm. 1989



2 e 3. Maqueta. Dimensións e data descoñecidas


de paso e de comunicación, ou en espazos sociais, afeitos ao trato persoal, ao paseo, á conversa, á crítica, ao ocio e á calma.

Coido que, nestes últimos anos, a mellor obra pública realizada no Val Miñor, foi a construción do paseo que rodea a baía desde Panxón a Baiona, un paseo cheo, paso a paso, de perspectivas e horizontes diferentes, de recunchos escuros e sombrizos. A resposta dos cidadáns, co seu camiñar entusiasta a todas as horas do día, así o indica. E aquí, desde estas páxinas, aproveito para reclamar xa unha prolongación que, seguindo a beira do río, chegue á vila de Gondomar. Pois ben, sen dúbida algunha, un dos tramos máis atraentes e fermosos deste paseo é o espazo gañado ao río, detrás da capela de San Campio, na Ramallosa, onde, ata hai algunhas décadas, acougaban os vellos tranvías.

Cando, no ano 1991, nunha nova e necesaria intervención do lugar, inauguráronse o paseo e os xardíns, Xesús Valverde, que levaba case vinte e cinco anos pasando longas tempadas na súa casa da Romana, e convencido por uns amigos que botaban en falta, aquí, na terra da súa familia, un testemuño público da súa obra, decidiu ofrecer ao concello de Nigrán unha escultura pública para o devandito espazo. Hai datos que avalan a idea de que a obra estaba xa conformándose, ou polo menos pensada. Nun debuxo do ano 1989 [1], Xesús superpón as liñas que conforman a estrutura da peza tal como a co-

ñecemos. Como tantos outros debuxos e variantes da mesma época, penso que a orixe dese sinxelo deseño atópase nunha representación simbólica dos arcos e os reflexos da ponte románica. Non importa. En todo caso, a obra, coñecida como Homenaxe ao río, xa comezara a crecer e desenvolverse como concepto vivo, incorporando novos significados e presentándose como solución espacial.

A proposta amosaba un paso máis lonxe na liña de traballo que estaba seguindo desde a segunda metade dos anos oitenta. Xa en 1988, no Centro Cultural de Lavapiés, en Madrid, e despois, en 1989, na Casa da Cultura de Baiona, presentara unhas esculturas dunha clara tendencia obxectual, fundadas na idea construtivista da colaxe. Unhas pezas estruturadas como unha ensamblaxe autónoma que procuraba o encontro de todo tipo de materiais de refugallo, efémeros ou perennes, recollidos aquí e alá, deixándose levar polo azar, pola natureza sorprendente e leda do achado, escoitando as chamadas dos restos, as súas peticións dunha segunda oportunidade. Esta liña, amosada, tamén, nos meses de abril e maio de 1992, na Casa das Artes de Vigo, na que foi a súa derradeira exposición individual, e onde se achegaba á idea de obxecto atopado e de ready-made manipulado, representou, entón, un xiro radical respecto á noción de modelado que definía a meirande parte da súa obra anterior. Agora, na distancia, lamentamos que a posibilidade




4. Maqueta. Dimensións e data descoñecidas

de desenvolver este novo traxecto en toda a súa madurez fose rachada dun xeito súbito e inesperado. Porque, no proxecto para A Ramallosa, aínda mantendo unha nítida e animosa aposta pola construción, deixaba atrás toda rotundidade matérica e decidíase claramente por unha suxestión virtual do volume, por un protagonismo limpo e diáfano do espazo. Como se pode observar nas fotos da pequena maqueta que chegaron ata nós [2, 3 e 4], o aire, a luz, o intanxible, tórnase materia, física, densa. Pódese ollar, apalpar ou rodear coas mans. Xa non ten sentido falar de espazo exterior ou interior pois todo é un continuo envolvente, evocado sutilmente polo debuxo da construción. O espazo suxerido, o espazo virtual, o baleiro, convértese, entón, no gran protagonista desta instalación, que, pensada e realizada desde unha vocación arquitectónica, acentúa e realza as calidades do lugar ao que vai destinada.

En xeral, sen a referencia da súa irmá maior, a maqueta amósase núa, orfa, vulnerable, obrigada a defenderse por si mesma, sen o peso e o poder da grande escala. Como espectadores non temos acceso ao seu tamaño real, non podemos asistir ao diálogo entre a obra final e o espazo para o que é concibida, un espazo e unha escala que acheguen a de-

rradeira e imprescindible contribución. Mais esa é, tamén, a súa vantaxe. Dalgún xeito, o pequeno obxecto excita o noso sentido da protección, da responsabilidade. Atopámolo fráxil, leve, e ese sentimento que suscita en nós é o que lle garante unha longa vida. Intuímos a súa maxia, sempre presta a evaecer no aire, ou a converterse noutra cousa, como o coello transformado nunha pomba na chistera do mago. Por outra banda, a maqueta lévanos directamente ao País dos Xogos onde, noutros tempos, entre construcións, mecanos e demais escenografías, reinabamos felices como pequenos e inconscientes demiúrgos. Ao final, non é mais que unha das fases dun proceso que só se pode manifestar na súa derradeira forma, na súa escala final. Mais, aí reside, precisamente, outro dos seus atractivos; a visión, ou mellor, a evocación do camiño, o encontro paulatino cos materiais que revelan as súas aptitudes en cada parada. A verdadeira obra é a suma dos tentos, as dúbidas e as modificacións, e o seu valor repártese ao longo de todo o seu desenvolvemento.

En xeral, o espectador atópase só coa peza rematada, redonda, pechada. Se poucas veces temos a posibilidade de amosar un proceso de traballo, máis rara, aínda, é a ocasión de achegarse aos primeiros impulsos e bocexos que, pouco



5. Instalación. Dimensións e data descoñecidas

a pouco, acaban definindo unha obra. A maqueta preséntanos, entón, como algo vivo, aberto, e aínda, ao final, case irrealizable, pois o resultado derradeiro, aínda sendo unha decisión irrenunciable do artista, amosaríase como outro estadio un pouco máis avanzado, susceptible aínda de desenvolver. Daquela intuímos un percorrido infinito, un camiño que non pode nin debe rematarse. Isto é o que fai da arte unha necesidade, algo rigorosamente imprescindible, pois ofrécenos, unha e outra vez, unha imaxe transcendente do ser. Como un fío invisible que tira de nós desde máis alá do horizonte. Así, desde esta perspectiva, a obra artística supón sempre unha resposta puntual e concreta, un rexistro do seu tempo no Tempo, cun valor provisional e relativo, se a consideramos como un elo na cadea sen fin.

Hai outras imaxes do proxecto (5 e 6). As fotos, sacadas pola súa filla Alba no xardín da casa familiar, amósanos un paso máis, unha segunda proba do seu peso específico, un aumento de escala que é tamén un cambio de contexto. Xa se atopa no exterior, medindo as súas forzas co contorno, coa paisaxe. É un pulo necesario. Agora ten que competir con toda a información visual proposta polo espazo aberto. Os muros de pedra da casa e o hórreo, a vella pereira, os arbustos e os matos, e, ao fondo, a illa do Miñor e o somonte oriental da Serra da Groba. A instalación semella transitoria, apoiada en pólas e paus, con algunha das construcións medio ladeada, como se fose colocada só durante uns minutos, o tempo de sacar as fotos. É

difícil dicilo pero pode ter unha altura de case tres metros. Segundo as testemuñas e referencias escoitadas, non sempre fiables despois de vinte anos, as tres construcións que conformarían o proxecto rematado, terían esa mesma altura, cunha distancia entre a primeira e a terceira, en liña, de once metros, treito que non parece cumprirse nesta montaxe provisional. Non hai datos sobre a terceira dimensión, o ancho da instalación, pero pódese intuír, proporcionalmente, de calquera das imaxes.

Outra cuestión que queda no aire é a do material que Xesús ía utilizar para realizar a construción final. Hai versións que falan dunha procura de xavelinas, outras suxiren as béstas. Sospeito que son opinións influídas pola levedade do proxecto, pola súa sutileza visual, aínda que pode tratarse, tamén, da procura real dun material co que montar, de xeito eventual, a instalación no xardín. Non podemos esquecer que as tensas ensamblaxes tiñan que enfrontarse ao tempo e ao espazo públicos, á xente que ía achegarse, tocar, acariciar ou forzar. Supoñemos que, na definitiva construción, ía utilizar unhas láminas de aceiro, de algo máis dun centímetro de grosor, suxeitadas en ambos os dous extremos por parafusos ou pinzas, ensambladas e reforzadas por lixeiros puntos de soldadura, agochados, pois sabemos das súas reticencias a amosar, dun xeito visible, este tipo de unión, decisión coherente coa súa derradeira inclinación á colaxe e a súa concepción fráxil e aberta da peza. En



6. Instalación. Dimensións e data descoñecidas

todo caso, calquera opción deixaría aberta á capacidade de ilusión da forma construída, o contraste entre gravidade, peso e levedade que só atopamos na boa arquitectura, a madura manifestación do seu oficio de escultor.

Os derradeiros aspectos que quedan por explorar son o posible emprazamento e a orientación. Non hai datos, e as poucas testemuñas, nesta cuestión, son tan ambiguas e evanescentes como a obra mesma. É probable que tivese na mente o espazo existente entre a capela de San Campio e a edificación que albergaba a vella estación, un espazo que agora ofrece moito ruído visual, pero que entón, derruídas as cocheiras dos tranvías, mantiña unha claridade e unha limpeza só rachada polos plátanos e outras árbores. Podemos pensala, e esta é unha interpretación persoal feita desde o lugar, orientada nunha liña imaxinaria que vai desde o cruce da estrada ata a Foz. As pequenas barras horizontais que tensan cada unha das tres construcións semellan acentuar a secuencia de perspectivas visuais, o río, a marisma, o esteiro da Foz, a baía e, alá, ao lonxe, o contorno de Monte do Boi.

O proxecto foi ofrecido no mes de decembro de 1991. Non hai constancia da súa entrada no rexistro do concello de Nigrán, polo que supoñemos unha entrega persoal ao alcalde, nese intre Avelino Fernández, á través dun coñecido, afín ás dúas partes. A verdade é que non era un proxecto completo, senón

un tanteo, unha achega, pois non contiña ningún plano ou esquema, só as fotos da primeira maqueta e un exemplar do catálogo editado pola deputación de Pontevedra ese mesmo ano. Todo indica unha total falta de convicción, por parte de Xesús, na posible aprobación da proposta pola corporación municipal e, polo tanto, na súa posterior e definitiva realización. Tampouco sabemos se houbo unha resposta nin de que tipo foi. Nalgúns meses, no verán de 1992, pouco despois da devandita exposición na Casa das Artes de Vigo, Xesús manifestou os primeiros síntomas do mal que remataría coa súa vida no mes de maio do ano seguinte.

Non hai nada no mundo que sexa tan invisible como un artista. No Val Miñor non hai ningunha escultura pública de Xesús Valverde. Non tivo ocasión de deixarnos unha proba do seu traballo, unha mostra da súa estreita relación sentimental co lugar. Só podemos atopar algún bronce nas casas e xardíns de familiares e amigos. Poucas. E privadas. Coido que é unha tristeza.

Hoxe, dezoito anos despois da súa morte, grazas á xenerosidade dos herdeiros e aos bos oficios do Instituto de Estudos Miñoranos, agardamos expectantes unha nova oportunidade de facer xustiza ao home e á súa obra, colocando unha excelente peza, fundida en bronce, no eidos de Nigrán.

Non perdamos esta oportunidade.

Xesús Valverde e o Val do Miñor


ANTONIO VALVERDE ALONSO

Xesús Valverde era e foi do Val do Miñor.

Era do Val do Miñor porque non se é de onde se nace. El naceu en Vigo circunstancialmente porque os pais vivían alí, pero as raíces estaban en terras de San Pedro da Ramallosa, Sabarís, Couso, Morgadáns e Gondomar. Nin tampouco de onde se pace, como se asevera no popular dito, pois estudou, viviu e desenvolveu a maior parte do seu traballo en Madrid.

E foi do Val do Miñor porque nas tempadas que viviu nel impregnouse das esencias da paisaxe reflectidas nas ondas do río Miñor cando, coa marea chea, ía pescar prateadas robalizas coa arte do corricán, con liñas de cáñamo e tanza de vermes da seda, dende a gamela, por veces co Mudo, o mellor pescador do Miñor, ou con Choncha que tampouco quedaba atrás, ou dende o muro dos campos do recheo que, fronte á casa dos pais, chegaba ao muíño da Primitiva; e co seu irmán Arturo, neste caso con outra arte que tiña un bo cacho de chumbo ao cabo da liña e, a unha braza empataba, unha tanza con anzol, e logo outras, distanciadas cada palmo, ata tres ou catro, e volteaba este aparello por riba da cabeza para lanzalo ao medio do río.

Sentiu nas pernas espidas o frío das augas que dende o río Zamáns e o de Peitieiros chegaban ao Miñor cando, coa marea baixa, pescaba as sollas con físga. As sollas reservábanllas para seu Tío Xesús que convencera ao pai para que fose estudar a Madrid na Escola de Belas Artes, acolléndoo na súa casa, e que pasaba os verán na "Villa Angelita".



A casa dos pais

Suando cos cegadores raios do sol cando nese mesmo recheo do río ou nas dunas de Gaifar, en Panxón, ía coller pardais e xilgaros cun panterlo, aparello que facía con canas axeitadas en forma de pirámide que atrapaba o paxaro cando tropezaba nunha trampa ao petear nos graos que lle puña como engado.



Xesús en Tetuán despois do accidente.



En Tetuán cos amigos de Gondomar.



Xesús traballando no seu taller.

Amosou a paciencia e habilidade enlazando cunha palla dunha herba que se dá dabondo nos cómaros dos camiños, á que se lle ripan as flores da punta para facer un lazo corridizo no que quedaban atrapadas, ao meter a cabeza, as lagartas que quecían nas pedras dos socalcos das viñas que dende a casa do pai subían ao alto da Romana onde extremaban co eido do seu bisavó e que co tempo había mercar para facer alí o estudio de traballo e a morada.

E folgou en canta festa e romaría se fai na bisbarra –San Bieito de Gondomar, San Roque de Morgadáns, a Anunciada de Baiona, San Pedro da Ramallosa, a Virxe da Xunqueira,.....digamos que todas para non deixar algunha- en compañía dunha morea de amigos –Paulino [Tito] Iglesias de Lis, Eladio Ferreira, Rocío Puga, Luís Quintero, Mucha Save-dra,.... non nomeo máis para non facer o listado interminable- todos eles tamén do Val do Miñor.

Ata os poucos contos que repetía, dous ou tres, non máis, deixaban ver a saudade que o collía cando andaba fóra desta terra. Contaba que cando estivera cumprindo o servizo militar, como Alférez das Milicias Universitarias, en Tetuán [Marrocos] onde sufriu un accidente, por certo na compañía duns amigos de Gondomar –Suso e Margarita Pérez de Lis-, que lle deixou unha longa cicatrice na faciana, un soldado galego que tiña no destacamento dicíalle:


Mire mi alférez, cando deixei a casa despedínme do meu pai e non chorei, despedínme da miña nai e non chorei, pero cando ía polo camiño e a miña vaca marela muxiu, entón si que chorei.

Tiña un gran sentido para a restauración de vivendas, sen dúbida herdada do avó que como mestre de obras deixou mostra do seu bo facer nas casas do cruce da Ramallosa, actividade que desenvolveu tanto en Madrid, para xente amiga como a dona do pintor Antonio Saura, como aquí no Val, por exemplo na casa dos pais, na estrada a Gondomar, na da irmá, no alto da Cabreira, ou na del mesmo, no alto da Romana, na que reservou como dormitorio a alcoba onde nacera o bisavó.





Traballando no seu eido en Homenaxe á muller viguesa




Ponte románica IV, 1990-1992. Gouache, carbón e sepia. 28,5 x 38 cm.

Fixo escultura traballando todos os materiais: madeira, pedra, cerámica, bronce en pequeno formato ou en grande para espazos urbanos, e neste último formato amósase obra súa en Madrid, Valencia, A Coruña, Vigo,... e sempre tivo a idea de situar unha obra no Val do Miñor e algunha vez fixo unha maqueta dun proxecto que nunca chegou a realizarse. Linda Meztler, unha norteamericana coa que compartiu unha grande amizade, e que de tempo en tempo ven á Ramallosa para lembrar e reencherse do espírito de Xesús, recorda:

Houbo outra ocasión na que Xesús me falou dunha escultura para algún lugar da Ramallosa e suxerílle facer en grande unha fermosa figura de bronce coa que me agasallara. Imita unha muller, parcialmente oca, que adianta unha perna en actitude de dar un paso, que se podería interpretar como unha figura de Galiza que, oca do fillo que emigra, se adianta robusta e esperanzada para darse. E respondeume moi terno "É un pensamento fermoso en demasía para compartir con algúns.

Poucas veces pintou paisaxes, si pintou nalgúns retratos aos da familia, e só un do río Miñor co fondo da igrexa de Santa Cristina de Sabarís, pero coma se quixese deixar testemuño do que sentía por estas terras do Val do Miñor, debuxa, unha e outra vez, o río, a ponte románica, a pereira do seu eido, o castro da Moura, as néboas da paisaxe, procurando quizás recoller a esencia daquilo que xa pronto os seus ollos non verán para que agora nós enchamos o noso animo coa ledicia destas obras, moitas delas derradeiras, e amosadas por vez primeira na mostra que se realizou na Aula de Cultura "Ponte de Rosas" en Gondomar, sede do Instituto de Estudos Miñoranos.

Tampouco quixo deixar o seu tan querido Val despois do seu pasamento pois xa de tempo atrás tiña pasado para si a propiedade do nicho onde repousan os restos do avó Anxo no cemiterio de San Pedro da Ramallosa e agora descansan os seus.



Pereira II, 1990-1992. Carbón e gouache. 51x35 cm.

C R O N O B I O G R A F Í A

	galicia	españa	mundo
1925	Os nacionalistas abandonan os concellos e as deputacións. Fundación do Banco Pastor. Primeira exposición de Arturo Souto. Nacen José María Labra e Tino Grandío. Nace en Vigo Xesús Valverde Alonso.	O directorio militar é substituído por un goberno civil. Realización de grandes obras públicas. Desembarco de Alhucemas. Morren Pablo Iglesias e Antonio Maura. Ortega y Gasset, <i>A deshumanización da Arte.</i>	Tratado de Locarno. Dictadura en Albania. Hitler: <i>Mein Kampf</i> . Primeiras formulacións da mecánica cuántica de W. Heisenberg e E. Schrödinger. Chaplin, <i>A quimera do ouro</i> . Eisenstein, <i>O Acoirazado Potenkin</i> . F. Scott Fitzgerald, <i>O gran Gatsby</i> . Le Corbusier, <i>Pavillón de L'Esprit nouveau</i> .
1926	Decreto de Redención Foral. Primeiras <i>Cousas</i> de Castelao. Cabanillas, <i>O Marisca</i> ; Dieste, <i>Dos arquivos do trasno</i> ; Otero, <i>Síntese xeográfica de Galicia</i> .	Concerto económico entre o Estado español e as provincias vascas. <i>Sanjuanada</i> : pronunciamento republicano fracasado. Viaxe do Plus Ultra. Morre Gaudí. A. Palacios, <i>Círculo de Bellas Artes (Madrid)</i> .	Dictaduras en Portugal, Lituania e Polonia. Valera abandona o Sinn Fein e forma o Fianna Fail. Ford: semana laboral de cinco días e oito horas. Traslado da Bauhaus ao edificio deseñado por W. Gropius. Edítase <i>Punto e liña sobre o plano</i> de Kandinsky.
1927	Primeiros vapores ao Gran Sol. Fábrica de louza de Álvarez. Nace a editorial Nós. Dieste, <i>A fiestra baldeira</i> .	Intentos de institucionalizar a Dictadura. CAMPSA, monopolio de petróleos. Fundación de Iberia. Buñuel/Dalí: <i>Un chien andalou</i> . Morre Juan Gris.	Revolta esmagada en Lisboa contra a dictadura de Carmona. Trotski expulsado do PCUS. Estrea de <i>O cantor de jazz</i> , primeiro filme sonoro. Walter Ruttmann, <i>Berlín, sinfonía dunha gran cidade</i> .
1928	Primo de Rivera inaugura o matadoiro do Porriño, visita as Escolas Pro Val Miñor e Baiona. Federico Ribas, <i>Cartel para o Carnaval del Círculo de Bellas Artes</i> . Manuel Antonio, <i>De catro a catro</i> . Risco, <i>O porco de pé</i> .	Cód. Penal que substitúe ao de 1870. Creación da Academia Militar de Zaragoza. Fundación do <i>Opus Dei</i> . Antonio Machado, <i>Obras completas</i> . Lorca, <i>Romancero Gitano</i> . Jorge Guillén, <i>Cántico</i> .	Primeiro Plan Quinquenal na URSS. EE UU, primeiro televisor comercial. Brecht, <i>A ópera dos tres peniques</i> . Morre Medardo Rosso. Dreyer, <i>A paixón de Xoana de Arco</i> .
1929	Fundación da ORGA e da FUE. Primeira exposición de Luís Seoane en Santiago. Castelao, segunda serie de <i>Cousas</i> .	Revoltas estudiantís: peche das Universidades de Madrid e Barcelona. Exposición Iberoamericana de Sevilla. Exposición Universal de Barcelona. Pavillón alemán de Mies van der Rohe. Aizpurua e Labayen, <i>Clube Náutico de San Sebastián</i> .	Crack do 29. Inicio da Gran Depresión. Poder autocrático de Stalin. Dictadura en Iugoslavia. Mussolini gaña as eleccións italianas. Le Corbusier, <i>Vila Savoia</i> .
1930	Pacto de Lestrove. A ORGA transfórmase en FRG. Distribuidora de fertilizantes Cross. Otero, <i>Arredor de si</i> . Nacen os pintores Molezún e Lodeiro. Comeza os seus estudos no Colexio Alemán.	Dimisión de Primo de Rivera. Fracasa a sublevación republicana de Jaca. Pacto de San Sebastián. Constitúese o GATEPAC. Ortega y Gasset, <i>La rebelión de las masas</i> .	As tropas francesas abandonan a Renania. Getulio Vargas, presidente de Brasil. Haile Selassie, emperador de Abisinia. Publícase o primeiro volume de <i>O home sen atributos</i> de R. Musil. Henry Moore perfóra as súas Figuras reclinadas. Buñuel, <i>A idade de ouro</i> .
1931	Victoria da coalición republicano socialista nas lexislativas. O SEG presenta o <i>Anteproxecto de Estatuto de Galicia</i> . Fundación do <i>Partido Galeguista</i> . Folga Xeral convocada pola CRG-CNT pola suspensión das obras do ferrocarril. Nace a revista <i>Logos</i> . Castelao, <i>Nós</i> .	Cae o goberno de Berenguer. O goberno de Aznar convoca eleccións municipais. Proclamación da II República. Afonso XII abandona España. Apróbase a Constitución. Alcalá Zamora, presidente e Azaña, xefe do goberno.	Ocupación de Manchuria por Xapón. Segundo Plan Quinquenal na URSS. Nace a Commonwealth. Inaugúrase o Empire State (381 m.). R. Flaherty e F.W. Murnau, <i>Tabú</i> .

galicia	españa	mundo	
<p>Conflicto pesqueiro en Vigo e do naval en Ferrol. Refundación da Federación Agraria Provincial de Pontevedra. Primeiras actuacións da Federación de Estudantes Universitarios (FUE). A asemblea de concellos aproba o proxecto de autonomía. Nacen as revistas culturais <i>Yunque</i>, <i>Cristal</i>, <i>Resol</i> e <i>Galicia</i>.</p>	<p>Fracasa a sublevación do xeneral Sanjurjo. Establécese o divorcio. As Cortes aproban o Estatuto de Cataluña e Maciá preside a Generalitat. Lei de Reforma Agraria. Disolución dos xesuítas Bergamín crea a revista <i>Cruz y Raya</i>.</p>	<p>Xapón crea o estado títere de Manchucuo. D. Roosevelt, o novo presidente dos EEUU, propón o New Deal. Guerra entre Bolivia e Paraguai polo Gran Chaco. Calder amosa os seus primeiros <i>Móviles</i>.</p>	1932
